

Indignación ante a perda da nosa cafetería

A comunidade educativa do IES O Carril manifesta a súa repulsa a unha decisión na que non se nos ten en conta.

Onte, día 27 de maio, a Consellería resolveu a contratación da concesión dos servizos das cafeterías de 88 centros de ensino público da provincia de Pontevedra. Soubemos coa súa publicación que a persoa que leva a cafetería do IES O Carril desde hai anos perde lamentablemente a concesión. A consellería non valora nas súas bases feitos como a implicación nas actividades do centro, o coñecemento do alumnado e da contorna, o trato familiar nin a calidade dos produtos, elaborados diariamente na cociña do propio centro. Valora a experiencia en calquera outro establecemento de hostelería do mesmo xeito que os anos traballados ininterrumpidamente no propio centro polo que se compite.

Nunha recente enquisa realizada ao alumnado sobre a convivencia no IES O Carril, este sinalou a cafetería do centro como lugar de referencia e encontro para a socialización e o benestar emocional. Mais a puxa económica é neste caso, como no de tantos centros públicos, o que acaba decidindo a concesión. Parécenos lamentable que a valoración e o criterio da comunidade educativa non sexan tidos en conta en absoluto. A Consellería de Educación arrebatoulle ao Consello Escolar a competencia de decisión sobre a adxudicación das cafeterías. Como levamos denunciado reiteradamente, os nosos representantes publicitan a democratización do ensino mentres converten o traballo dos órganos colexiados (Claustro de Profesorado, Consello Escolar e Dirección) nunha maratón de burocracia cada vez máis carente de competencias en decisións relevantes: horarios, transporte escolar, E-dixgal, reparación e mellora de infraestruturas, así como o motivo do noso descontento de hoxe: o modelo de adxudicación de comedores e cafeterías.

O sistema de puxa monetaria a sobre pechado, que desde a Consellería se nos presenta como unha opción aberta para calquera persoa interesada, favorece na realidade que unha persoa/empresa con gran capital puxe e se faga con até 6 cafeterías.

Nin que dicir ten que moitas das persoas ás que estes días non lles foi adxudicada a concesión que viñan mantendo desde hai anos das cafeterías escolares son mulleres, algunhas ás portas da idade de xubilación, outras con investimentos feitos nas cafeterías que nunca contaron perder, todas historias humanas difíciles de coñecer sen conmoveirse e sen sentir impotencia, indignación polas cousas mal feitas. Porque elas e eles son parte da comunidade educativa, traballadores e traballadoras agora na rúa cun futuro incerto e en moitos casos difícil. Na súa condición de autónomas, por non estar asociadas, xa pouco se puido oír nestes anos atrás a súa voz de protesta cando mudaron as bases. A pesar de levar media vida nun centro público non son persoal da Consellería, esta non cre ter ningunha responsabilidade no cambio das súas vidas laborais. Nós queremos desde aquí achegarlles

o noso agradecemento por tantos anos de bo traballo, por todo o compartido e sinalar, unha vez máis, a nosa disconformidade co proceder dos que están para velar polos intereses e bens públicos e toman decisións a favor sempre do capital.

Todo centro educativo debera ser un espazo de educación social, de coidado da saúde nutricional e de aprendizaxe de mecanismos empáticos e pacíficos para a convivencia. A teoría aparece en tódolas ordes e decretos da Consellería, a práctica unha suma de procedementos e resolucións que viran ás costas a este horizonte e que desprezan o criterio e experiencia da comunidade educativa.